

durante seis meses máis o período de aplicación voluntaria.

Na tramitación deste real decreto cúmprense os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e o Ministerio de Administracións Públicas emitiu informe, en cumprimento do seu artigo 24.3. Así mesmo, someteuse ao informe da Comisión do Código técnico da edificación, do Consello para a Sustentabilidade, Innovación e Calidade da Edificación, en cumprimento do previsto no artigo 2 do Real decreto 315/2006, do 17 de marzo, polo que se crea o Consello para a Sustentabilidade, Innovación e Calidade da Edificación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Vivenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de outubro de 2008,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico «DB-HR Protección contra o ruído» do Código técnico da edificación e se modifica o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación.*

O Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico «DB-HR Protección contra o ruído» do Código técnico da edificación e se modifica o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, queda modificado como segue:

Un. O parágrafo primeiro da disposición transitoria segunda queda redactado do seguinte modo:

«Ata o 24 de abril de 2009, poderá continuar aplicándose o Real decreto 1909/1981, do 24 de xullo, polo que se aproba a norma básica da edificación NBE CA-81 sobre condicións acústicas nos edificios, modificada polo Real decreto 2115/1982, do 12 de agosto, pasando a chamarse NBE CA-82, e revisada pola Orde do 29 de setembro de 1988, pasando a se denominar NBE CA-88, sen prexuízo da súa derogación expresa na disposición derogatoria única deste real decreto.»

Dous. O parágrafo primeiro da disposición transitoria terceira queda redactado do seguinte modo:

«Ata o 24 de abril de 2009 poderanse aplicar as exigencias básicas desenvolvidas no documento básico «DB-HR Protección contra o ruído» do CTE, sen prexuízo do previsto na disposición derradeira cuarta deste real decreto sobre a súa entrada en vigor.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das competencias que se atribúen ao Estado nos artigos 149.1.16.^a, 23.^a e 25.^a da Constitución española, en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, protección do ambiente e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de outubro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra da Vivenda,
BEATRIZ CORREDOR SIERRA

XEFATURA DO ESTADO

17079 *REAL DECRETO LEI 8/2008, do 24 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos producidos pola seca en determinados ámbitos das bacías hidrográficas.* («BOE» 258, do 25-10-2008.)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións meteorolóxicas adversas deron como resultado que algunhas bacías hidrográficas continúen con acusados problemas para a subministración de auga, tanto para os abastecementos ás poboacións como para as explotacións agrícolas e gandeiras, polo que é necesario adoptar determinadas medidas extraordinarias e de urxente necesidade para paliar os efectos da seca.

O ano hidrolóxico 2004/2005 comezou cun bo nivel de reservas (o 31 de setembro de 2004 dispoñíase de dez puntos porcentuais por riba da media dos últimos dez anos), pero tivo unha evolución marcadamente atípica e deficitaria, con precipitacións moi inferiores á media histórica. Este ano hidrolóxico foi o máis seco en España desde que se comezaron a rexistrar as series sistematizadas de chuvias en 1947, cunha precipitación media inferior nun 40 por cento ao valor medio normal. Isto, pola súa vez, supuxo un punto de partida excepcional para o seguinte ano hidrolóxico 2005/2006, no sentido do baixo nivel de reservas.

Durante o transcurso do ano hidrolóxico 2005/2006 durouse un réxime de precipitacións no país superior ao ano precedente pero aínda inferior á media. Este feito supuxo un aumento das reservas que foi, non obstante, insuficiente para paliar a situación de partida. É máis, unha vez finalizado o ano hidrolóxico 2005/2006, o estado das reservas foi mesmo algo inferior ao que había nesa mesma data do pasado ano hidrolóxico.

O ano hidrolóxico 2006-2007 evolucionou, en termos xerais, con precipitacións superiores á media histórica nos meses de febreiro, abril e maio, o que permitiu que remitise parcialmente a intensidade da seca meteorolóxica do ano precedente. Non obstante, o carácter seco seguiu mantendo nas bacías do sueste da Península, na bacía do Segura, no sistema Xúcar, e nalgúns sistemas do Guadiana e do Guadalquivir, así como na marxe esquerda do Ebro. Cando rematou o ano hidrolóxico 2006/2007 as reservas encoradas non acadaron uns niveis que permitisen atender todas as demandas con normalidade.

No que levamos de ano hidrolóxico 2007-2008, a precipitación media nacional estivo marcada por se situar un 9 por cento por debaixo da media normal, polo que non é suficiente para solucionar o déficit acumulado polos anos anteriores nalgunhas bacías. Este déficit de precipitacións foi máis acusado na bacía do Guadalquivir, onde as reservas actuais están un 32 por cento por debaixo da media dos 5 anos anteriores, mentres que na bacía do Segura as achegas do actual ano hidrolóxico son as terceiras máis baixas das series de achegas históricas rexistradas (77 anos), cun nivel de reservas de auga encorada (sen contabilizar as achegas do transvasamento Texo-Segura) tamén inferior nun 25 por cento á media dos últimos 5 anos, o que agrava o desastre natural que afecta estas zonas. A situación xeral das reservas hidráulicas da bacía do Guadiana para usos consuntivos está ao mesmo nivel que ao comezo do ano hidrolóxico 2005-2006 e un 23 por cento por debaixo da media dos últimos 10 anos. As reservas de auga encorada do sistema Xúcar están un 14 por cento por debaixo con respecto á media dos últimos cinco anos.

Polo anterior, é conveniente conceder un ano máis a exención das exaccións relativas á dispoñibilidade de

auga para rega, coa adición de igual medida para a dos abastecementos afectados pola escaseza de recursos. O agravamento da situación obrigou a realizar na cabeceira do Texo unha reserva estratéxica pola Mancomunidade dos Canais do Taibilla, mediante contratos de cesión de dereitos de auga, o que orixinou un imprevisto e importante desequilibrio orzamentario nas súas operacións comerciais. Consecuentemente, é necesario restablecer a súa normalidade económica mediante as exencións das exaccións correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas, correspondentes ao ano 2008.

Os mesmos motivos aconsellan a prórroga do Real decreto lei 15/2005, do 16 de decembro, de medidas urxentes para a regulación das transaccións de dereitos de aproveitamento de augas, xa que se revelou como un instrumento útil para a reasignación voluntaria de dereitos de auga.

Prorrógase tamén a vixencia dos reais decretos 1265/2005, do 21 de outubro, e 1419/2005, do 25 de novembro, ata o 30 de novembro de 2009, polos que se adoptaron medidas administrativas excepcionais para a xestión de recursos no Xúcar, Segura e Texo, e Guadiana, Guadalquivir e Ebro, respectivamente, aínda que no primeiro caso soamente se prorroga a súa vixencia para os ámbitos das bacías dos ríos Xúcar e Segura e no segundo caso para o ámbito das bacías dos ríos Guadalquivir e Guadiana, coa excepción de que no caso do Guadalquivir soamente é ata o 31 de decembro de 2008.

Así mesmo, prorrógase ata o 30 de novembro de 2009, única e exclusivamente para o ámbito da bacía hidrográfica do río Guadalquivir non afectada polo Real decreto 1666/2008, do 17 de outubro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Andalucía en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos correspondentes ás augas da bacía do Guadalquivir que discorren integramente polo territorio da comunidade autónoma, a vixencia do Real decreto 1419/2005, do 25 de novembro, polo que se adoptan medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos e para corrixir os efectos da seca nas bacías hidrográficas dos ríos Guadiana, Guadalquivir e Ebro.

As ditas prórrogas acordáronse tras ter como referencia xeral o estado dos sistemas de explotación nesas bacías do sistema global de indicadores hidrolóxicos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño que integran os indicadores de estado definidos nos plans especiais de actuación en situación de alerta e eventual seca redactados nas bacías intercomunitarias e aprobados segundo a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, en cumprimento do disposto no artigo 27 da Lei 10/2001, do Plan Hidrolóxico Nacional.

A persistencia da seca por cuarto ano consecutivo aconsella reducir aínda máis as perdas de auga nos regadíos e mellorar a eficacia na xestión, buscando un aforro e maior control que permita unha maior dispoñibilidade e ferramentas de xestión dos escasos recursos. Prevese a realización de determinadas obras hidráulicas que se indican no anexo II, para as cales se inclúe a declaración de utilidade pública para os efectos da ocupación temporal e expropiación forzosa de bens e dereitos, así como a de urxente necesidade da ocupación dun conxunto de actuacións vinculadas coa loita contra a seca.

En relación co Parque Nacional das Tablas de Daimiel, dadas as circunstancias excepcionais en que se encontra e o baixo aproveitamento que posibilitaron esas circunstancias sobre os recursos transvasados anteriormente, faise necesario conceder, así mesmo, a exención das exaccións correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas, correspondentes ao ano 2008.

Por último, do contido e alcance deste real decreto lei foi informada a Xunta de Andalucía, que asumirá a partir do 1 de xaneiro de 2009 o traspaso de funcións e servizos en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos correspondentes ás augas da bacía do Guadalquivir que discorren integramente polo territorio da Comunidade Autónoma de Andalucía.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de outubro de 2008,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto establecer medidas de apoio aos titulares de dereitos ao uso de auga para rega nos ámbitos territoriais afectados pola seca, cando tiveren unha dotación inferior ao 50 por cento da normal. Os ditos ámbitos figuran relacionados no anexo I.

2. Así mesmo, ten por obxecto paliar o desequilibrio económico producido á Mancomunidade dos Canais do Taibilla debido á adquisición dos dereitos ao uso de auga necesarios para garantir o abastecemento das súas poboacións.

3. Por último, ten por obxecto eximir o Parque Nacional das Tablas de Daimiel da achega correspondente á tarifa de condución do abastecemento Texo-Segura, dado o escaso aproveitamento dos recursos transvasados anteriormente.

Artigo 2. *Exención das exaccións relativas á dispoñibilidade de auga.*

1. No exercicio 2008, para os titulares de dereitos ao uso de auga para rega incluídos no ámbito de aplicación a que se refire o artigo 1.1, concédense as seguintes exencións:

a) A cota da tarifa de utilización da auga e do canon de regulación establecidos no artigo 114 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

b) As achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídos nas letras b e c do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura.

c) A cota da tarifa de condución das augas pola infraestrutura do postransvasamento (bacía do Segura), prevista no artigo 10 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, que for aplicable ás augas propias da bacía, cuxo uso foi autorizado provisionalmente en virtude do disposto polo Real decreto 1265/2005, do 21 de outubro.

2. No exercicio 2008, a Mancomunidade dos Canais do Taibilla queda exenta das achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídos nas letras b e c do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro.

3. No exercicio 2008, o Parque Nacional das Tablas de Daimiel queda exento das achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídos nas letras b e c do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro.

4. Os suxeitos pasivos das exaccións sinaladas nos números anteriores que satisfixeren total ou parcialmente as cotas correspondentes terán dereito á devolución das cantidades ingresadas.

Disposición adicional primeira. *Modificación do ámbito de aplicación.*

Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar a delimitación territorial do anexo I verbo da aplicación das medidas previstas neste real decreto lei, unha vez oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector.

Disposición adicional segunda. *Declaración de urxente necesidade de ocupación.*

De conformidade co disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, as actuacións do anexo II vinculadas coa loita contra a seca ao abeiro deste real decreto lei levarán implícita a declaración de utilidade pública para os efectos da ocupación temporal e expropiación forzosa de bens e dereitos, así como a de urxente necesidade da ocupación.

Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

A compensación das diminucións de ingresos que se produzan nas confederacións hidrográficas como consecuencia das exencións previstas no artigo 2 deste real decreto lei serán financiadas con cargo aos créditos do orzamento do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para cuxos efectos se efectuarán as transferencias de crédito que proceda sen que resulte de aplicación a limitación contida no artigo 52.1.a da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto da realización de transferencias de crédito desde operacións de capital a operacións correntes.

Disposición derradeira primeira. *Prórroga de medidas excepcionais.*

1. Prorrógase ata o 30 de novembro de 2009 a vixencia do Real decreto lei 15/2005, do 16 de decembro, de medidas urxentes para a regulación das transaccións de dereitos ao aproveitamento de auga.

2. Prorrógase ata o 30 de novembro de 2009, única e exclusivamente para as bacías hidrográficas dos ríos Xúcar e Segura, a vixencia do Real decreto 1265/2005, do 21 de outubro, polo que se adoptan medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos e para corrixir os efectos da seca nas bacías hidrográficas dos ríos Xúcar, Segura e Texo, coa excepción do artigo 6.1.

3. Prorrógase ata o 30 de novembro de 2009, para o ámbito da bacía hidrográfica do río Guadiana, a vixencia do Real decreto 1419/2005, do 25 de novembro, polo que se adoptan medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos e para corrixir os efectos da seca nas bacías hidrográficas dos ríos Guadiana, Guadalquivir e Ebro, coa excepción do artigo 6.1.

4. Prorrógase ata o 31 de decembro de 2008, para o ámbito da bacía hidrográfica do río Guadalquivir, a vixencia do Real decreto 1419/2005, do 25 de novembro, polo que se adoptan medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos e para corrixir os efectos da seca nas bacías hidrográficas dos ríos Guadiana, Guadalquivir e Ebro, coa excepción do artigo 6.1.

5. Prorrógase ata o 30 de novembro de 2009, para o ámbito da bacía hidrográfica do río Guadalquivir non afectada polo Real decreto 1666/2008, do 17 de outubro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Andalucía en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos correspondentes ás augas da bacía do Guadalquivir que discorren integramente polo territorio da comunidade autónoma, a vixencia do Real decreto 1419/2005, do 25 de novembro, polo que se adoptan medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos e

para corrixir os efectos da seca nas bacías hidrográficas dos ríos Guadiana, Guadalquivir e Ebro, coa excepción do artigo 6.1.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.22 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Ámbitos territoriais de aplicación do real decreto lei

Confederación Hidrográfica do Texo

Sistema Tajuña.

Confederación Hidrográfica do Guadiana

Sistema Gasset.

Sistema El Vicario.

Zona regable de Peñarroya.

Confederación Hidrográfica do Guadalquivir

Sistema de explotación da regulación xeral.

Zona regable Salado de Morón.

Zona regable Guadalmeñato.

Zona regable Sierra Boyera.

Zona regable do Rumberal.

Regas Quentar-Canales.

Regas do Cubillas.

Regas do Colomera.

Sistemas do Alto Guadiana Menor.

Sistema de La Hoya del Guadix.

Confederación Hidrográfica do Segura

Cierva.

Vegas do Segura, Mundo e Quipar.

Argos.

Guadalentín.

Zonas regables transvasamento.

Confederación Hidrográfica do Xúcar

Canal Xúcar-Turia.

Mancha Oriental.

Regadíos tradicionais do Xúcar.

Regadíos tradicionais do Turia.

Canal Campo do Turia.

Zona regable do Magro.

ANEXO II

Relación de actuacións para as cales este real decreto lei declara a utilidade pública para os efectos da ocupación temporal e expropiación forzosa de bens e dereitos, así como a de urxente necesidade da ocupación

Bacía do Segura

Modernización, impermeabilización e sistemas de control nas levadas principais das veigas do Segura e Mundo.

Bacía do Texo

Proxecto de execución de bypass na rede de abastecemento Almoguera Mondéjar.

Mellora do abastecemento a Sigüenza.

Abastecemento á Mancomunidade de La Muela (Gualajara).

Ampliación da rede de abastecemento de auga á Mancomunidade do Guadiela.

Abastecemento á nova Mancomunidade de augas da presa de Santa Lucía (Cáceres).

Bacía do Guadiana

Mellora do abastecemento á Mancomunidade de Vegas Altas.

Actuacións de mellora para a xestión do canal do Zujar.

Bacía do Guadalquivir

Proxecto de modernización de infraestruturas no sector I A-B da zona regable de Vegas Bajas de Jaén.

Bacía do Xúcar

Actuacións para mellorar a dispoñibilidade, garantía e calidade dos recursos na ribeira do Xúcar, Valencia e a súa área metropolitana.